

## **NORMATIVA XERAL DA MODALIDADE DE ATLETISMO PISTA INDIVIDUAL DAS CINCO XORNADAS PROGRAMADAS CURSO 2021/2022 ZONAS: NOIA - SANTIAGO**

### **ESCENARIOS DE PRÁCTICAS**

Celebraranse as probas nas pistas da A Fieiteira (Riveira) , nas pistas de atletismo da Alta (A Pobra do Caramiñal) e nas do estadio de San Lázaro en Noia

### **DATAS PREVISTAS ZONAS NOIA - SANTIAGO**

1ª Xornada 26/03/2022 -	Categoría benxamín e alevín, pistas da Alta (A Pobra)
2ª Xornada 2/04/2022 -	Categoría infantil e cadete, pistas da A Fieiteira (Riveira)
3ª Xornada 9/04/2022 -	Categoría benxamin, alevín, Estadio de San Lázaro (Noia)
4ª Xornada 23/04/2022-	Categoría infantil e cadete, pistas da Alta (A Pobra)
5ª Xornada 30/04/2020-	Combinadas, Benxamin, Alevín, Infantil pistas de Alta (A Pobra)

### **DATAS PROVINCIAIS**

Provincial - Categoría benxamin e alevín Individual (PENDENTE)

Provincial - Categoría Infantil Infantil, e Pobras combinadas Benxamin, Alevín e Infantil. (PENDENTE)

### **PARTICIPANTES**

Poderán participar nesta modalidade todas as entidades (clubs, centros educativos, asociacións, ANPAS, etc.) que cumpran os requisitos da inscrición. Todos os atletas participantes deberán estar mutualizados previamente no programa Xogade, na páxina <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>, na modalidade de Atletismo en Pista.

### **CATEGORÍAS**

<b>BENXAMÍN:</b>	Nados nos anos 2014 - 2013 masculino e feminino
<b>ALEVÍN:</b>	Nados nos anos 2012 - 2011 masculino e feminino
<b>INFANTIL:</b>	Nados nos anos 2010 - 2009 masculino e femenino

A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación organizado pola Federación Galega de Atletismo. Haberá na xornada infantil aglunhas probas desta categoría para favorecer a obtención de marcas na categoría.

### **FASES**

Celebraranse cinco xornadas previas á fase provincial (dúas para a categoría infantil, dúas para a categoría alevín e benxamín e unha para as combinadas das categorías benxamín, alevín e infantil, nas que se programarán todas as probas indicadas no cadro do programa.

### **SISTEMA DE COMPETICIÓN FASES PREVIAS**

#### **Participantes por entidade.**

Cada entidade poderá participar nas fases previas co número de participantes que desexe, a excepción dos concursos, nos que o número máximo de participantes por entidade, proba e categoría será de 6. En casos de escasa participación, e de forma excepcional, os servizos provinciais poderán autorizar a participación de máis atletas por proba e entidade, sempre que **non se interrumpa o normal desenvolvemento da competición. A participación na fase provincial** queda supeditada a normativa propia de cada Campionato.

**Soamente poderán estar na pista as persoas autorizadas pola organización.**

## **Participacións máximas.**

**Benxamín e Alevín:** Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas individuais e o relevo. No caso de ser carreiras, só unha poderá superar os 250 m.

**Infantil:** Cada atleta poderá participar como máximo en 3 probas das que compoñen o programa, respetando sempre a seguinte norma: 3 concursos, 1 concurso e 2 carreiras, ou 2 concursos e 1 carreira. No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 250 m. A proba de remudas considerase a todos os efectos unha proba (carreira).

Cada entidade só poderá presentar un equipo de remuda por categoría e sexo.

Nas probas combinadas permitirase un máximo de 25 atletas inscritos por proba e categoría / subcategoría. No caso de superar este máximo, limitarase a inscrición a 4 atletas por entidade.

**Cadete:** As probas de categoría cadete non son clasificatorias. Poderá establecerse unha limitación de atletas por equipo en caso de que a inscrición sexa elevada, feito que se comunicará aos equipos implicados. Nos horarios vendrán a relación das probas de categoría cadete que se van facer nesa xornada

## **Número de intentos.**

Os concursos realizaranse con mellora na fase Provincial, sempre que o horario das probas o permita. Nas fases previas realizarase soamente 3 intentos.

## **Clasificación.**

Para o Campionato Provincial: para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil (masculino e feminino), clasificaranse as 16 mellores marcas da totalidade de probas realizadas nas fases previas. Se algún ou algunha atleta non puidese participar en ningunha das fases previas por motivos de enfermidade, lesión, etc, será potestade do Servizo Provincial correspondente a súa admisión na fase provincial, previa proposta razoada da Federación Galega ou Delegación Federativa correspondente.

## **INSCRICIÓN**

As inscricións realizaránse a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club que xa participaron noutras xornadas; no caso de non ter dita clave poden solicitala a Federación Galega de Atletismo, ao correo electrónico [competición@atletismo.gal](mailto:competición@atletismo.gal).

*No caso de entidades que non estean federadas (centros educativos, agrupacións deportivas, ... ), a inscrición farase cubrindo unha folla excel de inscrición na que se faga constar nome e apelidos do/a deportista, data de nacemento, nome do clube/colexio, identificador, proba na que participa e datos do tutor/a, a cal terán que enviar por correo electrónico a [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)*

## RELACIÓN DE PRBAS INDIVIDUAIS

<b>CATEGORÍA MASCULINA</b>				<b>CATEGORÍA FEMININA</b>			
BENXAMÍN 13-14	ALEVÍN 12-11	INFANTIL 10-09	CADETE	BENXAMÍN 13-14	ALEVÍN 12-11	INFANTIL 10-09	CADETE
50 ML	60 ML	80 ML	100 ML	50 M.L.	60 M.L.	80 M.L.	100 ML
500 ML	500 ML	150 ML	300 ML	500 ML	500 ML	150 M.L.	300 ML
1.000 ML	1.000 ML	500 ML	600 ML	1.000 ML	1.000 ML	500 ML	600 ML
	2.000 ML	1.000 ML			2.000 ML	1.000 ML	
		2.000 ML	3.000 ML			2.000ML	3.000 ML
		80 MV (0,84)	100 MV (0,91)			80 MV (0,76)	100 MV (0,76)
		220 MV (0,76)				220 MV (0,76)	
		<b>1.000 OBST</b>	<b>1500 OBST</b>				<b>1500 OBST</b>
ALTURA	ALTURA	ALTURA		ALTURA	ALTURA	ALTURA	
LONXITUDE TÁBOA 1-2-3 M	LONXITUDE TÁBOA 1-2-3 M	LONXITUDE TÁBOA 2-3 M		LONXITUDE TÁBOA 1-2-3 M	LONXITUDE TÁBOA 1-2-3 M	LONXITUDE TÁBOA 2-3 M	
		TRIPLE TÁBOA 6 E 8 M	TRIPLE TABOA 8 E 10 M			TRIPLE TÁBOA 6 E 8 M	TRIPLE TABOA 8 E 10 M
PESO 1 KG	PESO 2 KG	PESO 3 KG	PESO 4 KG	PESO 1 KG	PESO 2 KG	PESO 3 KG	PESO 3 KG
PELOTA 200 GR	PELOTA 300 GR	DISCO 800 GR	DISCO 1 KG	PELOTA 200GR	PELOTA 300 GR	DISCO 800 GR	DISCO 800 GR
		XAVELINA 500 GR	XAVELINA 600 GR			XAVELINA 400 GR	XAVELINA 500 GR
1 KM MARCHA	2 KM MARCHA	2 KM MARCHA	3 KM MARCHA	1 KM MARCHA	2 KM MARCHA	2 KM MARCHA	3 KM MARCHA
		PÉRTEGA	PERTEGA			PÉRTEGA	PERTEGA
		MARTELO 2 KG	MARTELO 4 KG			MARTELO 2 KG	MARTELO 3 KG
4x50	4x60	4x80		4x50	4x50	4x80	

### **ATLETISMO PRBAS COMBINADAS**

<b>CATEGORÍA MASCULINA</b>			<b>CATEGORÍA FEMININA</b>		
BENXAMÍN 13-14	ALEVÍN 12-11	INFANTIL 10-09	BENXAMÍN 13-14	ALEVÍN 12-11	INFANTIL 10-09
50 M.L.	60 ML	80 ML	50 M.L.	60 M.L.	80 M.L.
LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE
PESO 1 Kg	PESO 2 Kg	PESO 3 Kg	PESO 1 Kg	PESO 2 Kg	PESO 3 Kg
		80 M. V.			80 M.V.

\* Con táboas a 6 m. e 8 m. e carreira máxima de 15 metros.

\* Para as categorías benxamín e alevín, nas probas de velocidade non é obrigatorio a saída de tacos nen a medición do vento. Nos infantiles, nas probas de velocidade e valados é obrigatorio a saída con catro apoios (con ou sen tacos) e a medición do vento.

\* **Cadencias das alturas:**

- Benxamín: 0,80-0,85-0,90,0,95-1,00 (3/3)
- Alevín: 0,85-0,90-0,95-1,00-1,05 (3/3)
- Infantil: 0,90-0,95-1,00-1,05-1,10 (3/3)

## SISTEMA COMPETICIÓN PROBAS COMBINADAS

### CATEGORÍAS:

- ✚ BENXAMÍN: Nados nos anos 2014-2013 masculino e feminino
- ✚ ALEVÍN.....: Nados nos anos 2012-2011 masculino e feminino
- ✚ INFANTIL....: Nados nos anos 2010-2009 masculino e feminino

### CLASIFICACIÓN

Para o Campionato Provincial das categorías benxamins, alevín e infantil a inscrición é aberta, sen clasificación previa. No suposto caso de que nalgunha provincia se prevea unha masiva participación ésta limitarase a un número determinado de participantes por colexio e club.

### INSCRICIÓN

A data límite de inscrición é o martes da mesma semana da competición. A Federación Galega de Atletismo publicará con data límite o mércores da mesma semana da competición a listaxe dos atletas inscritos.

### TRANSPORTE

As entidades que precisen transporte deberán solicitalo por correo electrónico ao Coordinador da súa zona:

- ✚ Entidades da zona Noia → [adasriasdbus@gmail.com](mailto:adasriasdbus@gmail.com) → Secretaria: Alicia (610572835)

Entidades da zona de Santiago: [paalva53@edu.xunta.es](mailto:paalva53@edu.xunta.es)

O transporte solicitarase antes das 14.00 horas do martes anterior á xornada da competición, cubrindo o formulario do bus ou ben por email indicando os seguintes datos:

- Nome e día da competición, nome da entidade solicitante, nº de prazas totais (atletas + adestradores), hora e lugar de saída, enderezo de destino, hora prevista de regreso e nome e móbil do responsable da entidade que vai no bus.

### **CENTROS DE ASISTENCIA SANITARIA**

En caso de lesión ou accidente deportivo,  
COMUNICACIÓN E APERTURA DE EXPEDIENTE  
Teléfono de asistencia do Seguro 91 737 28 18

Plataforma [www.depor-xogade.com](http://www.depor-xogade.com)

Correo electrónico [gestionxogade@canalsalud24.com](mailto:gestionxogade@canalsalud24.com)

Toda autorización ou tratamento médico precisará autorización previa da aseguradora salvo nos casos de **urxencia vital**, é dicir, en caso de estar en perigo a vida do deportista.

A cobertura realizarase nos servizos médicos **concertados** pola aseguradora. O **único caso** en que se usará o centros sanitarios do **SERGAS** será ante urxencia vital ou con autorización expresa da aseguradora.

A información da póliza e os datos de contacto deste servizo poden atopalos na web de Xogade ( [www.xogade.xunta.gal](http://www.xogade.xunta.gal) ) e na aplicación de inscricións ( <https://inscripcion-xogade.xunta.gal> ). O protocolo de accidente poden atopalo tamén nestas páxinas e na parte traseira dos carnés de Xogade que cada entidade pode descargar da aplicación. Pregamos ás entidades que manteñan actualizados os seus datos de acceso e de contacto na aplicación e que revisen ciclicamente as alertas publicadas na pestana de Inicio. O contrasinal de acceso caduca cada 120 días